

The background features a collage of summer activities. At the top left, a colorful inflatable water slide with a slide and a pool is shown with children playing. To the right, a circular inset shows a group of children playing in a large pile of white foam. The overall theme is a fun, family-oriented summer event.

**SUMMER
2026**

La  Salle
Santiago de Compostela

VI CAMPAMENTO URBANO 2026

Circular para as familias



22 de Xuño ao 31 de Xullo

Semanas a escoller



Luns a Venres

9:00h a 14:00h

Madrugadores as 8:00h

Comedor ata as 16:00h

PRAZAS LIMITADAS

Prezadas familias,

Achégase o verán e, con el, unha nova oportunidade para que os nosos nenos e nenas vivan experiencias inesquecibles.

Desde o colexio queremos propoñervos o **VI Campamento Urbano La Salle**, dirixido a alumnado nado entre 2022 e 2012 pensado para que o alumnado gocen dun tempo de lecer de calidade, desenvolva a súa autonomía e creatividade, aprenda a convivir e viva unha experiencia enriquecedora

Este ano, ademais, o campamento incorpora **novas propostas e actividades**, mantendo todo aquilo que mellor funcionou en edicións anteriores, co obxectivo de seguir mellorando a experiencia dos participantes.

Ao mesmo tempo, queremos seguir contribuíndo á conciliación familiar. Por iso, cada familia poderá escoller as semanas que mellor se adapten ás súas necesidades, entre o **22 de xuño e o 31 de xullo, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 h.**

Para facilitar aínda máis a organización familiar, contaremos cos seguintes **servizos complementarios**:

- **Madrugadores:** dende as 8:00 h. (con posibilidade de almorzo)
- **Comedor + Actividade de tarde:** de 14:00 a 16:00 h., con opción de recollida anticipada.

O campamento desenvolverase principalmente nas instalacións do colexio, acondicionadas para ofrecer un espazo seguro. Ademais, realizaremos **saídas fóra do centro** todas as semanas, co obxectivo de explorar novos espazos e enriquecer a experiencia.

Os grupos estarán formados por entre **10 e 12 participantes**, organizados por idades, e acompañados en todo momento por monitores cualificados, moitos deles xa coñecidos polos nenos e nenas, contando tamén con monitores nativos e especialistas en actividades de lecer.

As actividades organizaranse arredor de temáticas que variarán ao longo das semanas, adaptadas ás diferentes idades, facendo que cada día sexa unha nova e divertida aventura.

Xogos en inglés

O inglés estará presente ao longo de toda a xornada a través de xogos e actividades lúdicas. Contamos con monitores nativos, que acompañarán os participantes no uso do idioma de forma natural, favorecendo especialmente a **Spoken Interaction (interacción falada)** e a confianza á hora de expresarse.

Xogos deportivos

A través do xogo e da actividade física, os participantes desenvolverán habilidades motrices, o traballo en equipo e a cooperación, sempre nun ambiente lúdico e respectuoso. Ademais, contaremos coa **visita de especialistas e clubs deportivos**, que enriquecerán a experiencia con actividades específicas ao longo das semanas.

Talleres

Unha das **novidades** deste ano será a posibilidade de que os propios participantes escollan cada semana entre diferentes talleres, adaptados ás súas idades e intereses. Entre eles atoparemos propostas como manualidades, ciencia, teatro, baile, relaxación, malabares, globoflexia, creación de cometas, monicreques, pulseras, traballos con cordas ou arxila, mindfulness, sobre rodas, entre outros.

Obradoiros de cociña

Empregaremos as instalacións do colexio para realizar receitas sinxelas nas que os participantes poderán experimentar e desenvolver as súas habilidades culinarias, converténdose en **pequenos chefs**.

Piscinas, xogos de auga e inchables

Actividades acuáticas adaptadas por idades, combinando **diversión e seguridade** baixo a supervisión de monitores.

Saídas e excursións

Realizaranse saídas semanais a parques e espazos da contorna compostelá, permitindo aos participantes explorar novos lugares. Ademais, en función do número de participantes, organizarase unha **excursión sorpresa** ao remate da primeira quincena de xullo.

Noites de Saco (3.º de primaria en diante)

Outra das novidades deste ano serán as veladas nocturnas. Os participantes poderán inscribirse de forma voluntaria nesta actividade. Desenvolveráse (mércores 1 e 22 de xullo), dende as 18:30 h ata o día seguinte.

Consistirá nunha **velada con xogos e cea temática**. Terá un custe adicional e estará suxeita ao número de participantes.

Horario Xeral

Benvida			
Temática	Xogos en inglés	Saídas	Xogos en inglés
Xogos deportivos	Cociña	Xogos en inglés	Inchables
Merenda			
Talleres		Orientación	Inchables
Piscina-Xogos-Bailes			Fin de tematica
Saída / Comedor e xogos			
Saída			

Os horarios xerais son orientativos, dependemos das temáticas, factores atmosféricos... As actividades estarán adaptadas ás idades dos participantes. Dependemos tamén do número de participantes que se anoten no campamento.

Quendas:

- **Semana 1:** 22 de xuño a 26 de xuño.
- **Semana 2:** 29 de xuño a 03 de xullo.
- **Semana 3:** 06 de xullo a 10 de xullo.
- **Semana 4:** 13 de xullo a 17 de xullo.
- **Semana 5:** 20 de xullo a 24 de xullo.
- **Semana 6:** 27 de xullo a 31 de xullo.

Servizos:

- **Madrugadores (dende as 8:00 h)**, con posibilidade de almorzo
- **Comedor + actividades de tarde (ata as 16:00 h)**
- **Noite de Saco (nados entre 2017 e 2012):** mércores 1 e 22 de xullo, dende as 18:30 h ata o día seguinte

Con total flexibilidade para escoller as semanas que mellor se adapten a cada familia.

PRECIOS CAMPAMENTO URBANO 2026

O prezo do campamento será de 85 € por semana, ofrecéndose **descontos** en función do número de semanas seleccionadas:

- 1 semana: 85 €
- 2 semanas: 157 €
- 3 semanas: 239 €
- 4 semanas: 309 €
- 5 semanas: 388 €
- 6 semanas: 405 €

Servizos complementarios:

- Madrugadores (de 8:00 a 9:00 h): 12 € por semana (15 € con almorzo)
- Comedor + actividades de tarde (de 14:00 a 16:00 h): 33 € por semana
- Velada nocturna (+9 anos): 25 € (inclúe cea e actividades)

Descontos:

Aplicarase un **5% de desconto** ao primeiro irmán e un **10% ao segundo irmán**.

Máis información:

- Web do colexio: <https://web.lasallesantiago.gal/campamento/>
- Correo electrónico: campamento@lasallesantiago.gal
- Teléfono, Whatsapp: +34 744 67 00 50

Datas de inscrición: do 21 de abril ao 05 de xuño de 2026.

Enlace de inscrición: <https://forms.gle/cd4Yp5DZJ9AeajTJ7>

Normas do campamento:

- A semana antes de comezar o campamento enviaremoslle unha carta a todos os nosos participantes cos detalles do campamento. Para calquera dúbida ou consulta poden poñerse en contacto a través do correo electrónico ou por teléfono.
- Para a adxudicación das prazas seguirase unha rigorosa orde de inscrición, quedando o resto de solicitudes en situación de “lista de espera”, que se adxudicarán no momento que queden prazas vacantes, se é que este feito se produce.
- Para que o campamento saia adiante terá que haber un mínimo de 30 participantes por semana. No caso contrario daremos aviso previo. O límite de prazas é de 120 participantes por semana.
- No caso de ter irmáns, é preciso realizar a inscrición por separado.
- Os descontos aplicaranse por unidade familiar: 5% para o primeiro irmán inscrito e 10% a partir do segundo irmán. Os descontos non son acumulables.
- O cobro da inscrición realizarase por domiciliación bancaria unha vez rematado o prazo de inscrición (cara o 19 de xuño). Podedes realizar o pago en dous recibos (19 de xuño e 17 de xullo).
- Os participantes que non estean matriculados no colexio deberán pagar o seguro obligatorio de campamento de 8€.
- Non se devolverá o importe da inscrición, agás forza maior que será valorado polo centro.
- Os datos facilitados serán tidos en conta en clave de confidencialidade.
- No caso de erro nos datos da inscrición poñerémonos en contacto o antes posible.
- A puntualidade nas entradas e saídas é moi importante para organizar o funcionamento da xornada.
- Non se poden traer aparellos electrónicos nin xoguetes. O campamento non se fará responsable da perda ou rotura dos materiais.
- A realización da inscrición ao campamento supón a aceptación de todas as normas.